

RESOLUCIÓN do 20 de decembro de 2024 pola que se fai pública a designación como persoal laboral fixo das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nos postos de técnico/a Cexar e técnico/a de campo da categoría de oficial de comunicacións/ auxiliar técnico/a de comunicacións do grupo V.

Mediante Resolución do 29 de decembro de 2022 convocouse o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nos postos de Técnico Cexar e Técnico de Campo na categoría Oficial de Comunicacións/Auxiliar Técnico de Comunicacións do grupo V da entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia Redes de Telecomunicación Galegas Retegal S.A. (Anuncio da convocatoria no DOG nº 248, do 30/12/2022).

Mediante a Resolución da comisión de selección do 4 de decembro de 2024 fíxose pública e elevouse a proposta para o seu nomeamento como persoal laboral fixo dos aspirantes que superaron o proceso selectivo extraordinario de estabilización (DOG nº 239, do 12/12/2024).

Polo exposto,

RESOLVO

Designar como persoal laboral fixo, para a formalización do correspondente contrato, ás persoas que superaron o proceso de selección e acreditaron estar en posesión dos requisitos necesarios.

Publíquese esta Resolución na páxina web de Retegal (<https://www.retegal.gal>).

Coa publicación desta Resolución dáse por concluído o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nos postos de técnico/a Cexar e técnico/a de campo da categoría de oficial de comunicacións/ auxiliar técnico/a de comunicacións do grupo V..

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2024

Julián Cerviño Iglesia

Presidente do Consello de Administración

